

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

Subvencións e axudas

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS DE ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E/OU OBRA FORESTAL DESTINADAS Á PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS E PROTECCIÓN DOS MONTES DO CONCELLO 2021

BASES REGULADORAS DO PROGRAMA DE AXUDAS A PROXECTOS DE ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E/OU OBRA FORESTAL DESTINADAS Á PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS E PROTECCIÓN DOS MONTES DO CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA 2021

BASE 1ª.—OBJECTO E ÁMBITO DE APLICACIÓN

1.1.—FINALIDADE

A presente disposición ten por obxecto fixar as bases reguladoras do Programa e convocar a concesión, para o ano 2021 de AXUDAS A PROXECTOS DE ACTUACIÓNS PREVENTIVAS E/OU OBRA FORESTAL DESTINADAS Á PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA OS INCENDIOS E PROTECCIÓN DOS MONTES no ámbito do Concello de Vilagarcía de Arousa, coa finalidade de colaborar dunha forma activa na protección dos montes do municipio apoiando a posta en marcha de proxectos forestais que persigan a finalidade de defensa e protección do monte contra os incendios forestais.

Estarase ao disposto na lexislación estatal e galega en materia de montes en canto a definición de monte e demais conceptos de ordenación e disciplina forestal que se recollen nas presentes bases.

1.2.—BENEFICIARIOS/AS

Poderán acollerse a estas axudas as mancomunidades e comunidades de montes en man común, que sexan propietarias de parcelas de monte no termo municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Nos supostos de actuación mediante representante, consonte establece o art. 5 da Lei 39/2015 do procedemento administrativo común das administracións públicas, deberá acreditarse a representación ostentada mediante documento público ou calquera outro medio válido en dereito que deixe constancia fidedigna do seu outorgamento ou mediante comparecencia persoal.



1.3.—REQUISITOS XERAIS DOS/AS BENEFICIARIOS/AS:

- Que a mancomunidade ou comunidade de montes en man común teña o seu enderezo social en Vilagarcía de Arousa.
- Non ter débedas coa Seguridade Social, coa Consellería de Economía e Facenda e coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT).
- Non ter débedas co Concello de Vilagarcía de Arousa.

1.4 —TIPO, CONTÍA DAS AXUDAS E GASTOS SUBVENCIONABLES

Serán obxecto das axudas reguladas por estas bases as actuacións e intervencións de silvicultura preventiva nos terreos de monte que se realicen ou que se teñan realizado ao longo do ano 2021 e que persigan a finalidade de defensa e protección do monte contra os incendios forestais e defensa contra o lume, concretamente poderán ser obxecto de subvención as actuacións seguintes:

a) Creación de devasas, tratamentos axeitados da biomasa residual e limpeza e rozas das zonas de protección para liberar de vexetación accesoria á masa principal e para rarear a masa arbórea.

b) Dotacións das infraestruturas preventivas necesarias para unha efectiva actuación contra incendios forestais, tales como os puntos de abastecemento de auga.

c) Intervencións semellantes de silvicultura preventivas.

Correrá por conta do beneficiario a obtención de tódolos permisos necesarios para levar a cabo as actuacións previstas no proxecto, incluídos os específicos da consellería do Medio Rural e, de ser o caso, dos órganos competentes das consellerías de Medio Ambiente e Cultura e Turismo.

d) Reforestación.

e) Xestión de biomasa vexetal: Deberá manterse limpa unha franxa de 50 metros dende:

- solo urbano, núcleo rural e solo urbanizable.
- edificacións e vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, cámpings, gasoleiras e parques e instalacións industriais.
- construcións illadas en solo rústico.

Nesta franxa tampouco poderá haber piñeiros, eucaliptos nin acacias.

1.4.1.- Os importes máximos por actuación obxecto de subvención, serán os seguintes:

— TRATAMENTOS SILVÍCOLAS:

- Roza manual selectiva baixo arborado e retirada de restos para a súa eliminación. Excepcionalmente recollida de restos en cordóns: 1.000 €/ha.



Martes, 20 de xullo de 2021

Núm. 137

- Roza manual selectiva baixo arborado: 700 €/ha.
 - Roza mecanizada con tractor e rozadora de cadeas entre calles de plantación ou rexeneración natural e repaso manual das calles deixando os restos triturados. Inclúe o rareo: 850 €/ha.
 - Roza de penetración: 450 €/ha.
 - Roza mecanizada con tractor e rozadora de brazo en faixas auxiliares de pista cun largo mínimo de 3m. considerando soamente unhas das beiras, incluíndo a plataforma das pistas (€/km): 400 €/ha.
 - Roza mecanizada con rozadora de cadeas ou similar na áreas de devasa: 400 €/ha.
 - Roza mecanizada con rozadora de martelo na áreas de devasa: 900 €/ha
 - Tala e saca mediante cabreado ou tractor forestal de acacia en valgada e zonas de prevención de incendios. Non inclúe trituración de restos nin roza de penetración: 1.000 €/ha.
- *RAREOS:*
- Rareo manual en rexenerado de arborado sen aprov. comercial, soamente cando non proceda facelo mecanizado: 1.000 €/ha.
 - Rareo mecanizado con tractor e rozadora de martelos en masas sen aproveitamento comercial incluído o repaso manual das calles arboradas: 600 €/ha
 - Selección de gromos de cepa de eucalipto e frondosas despois de lume: 800 €/ha
- *APARTADO ELIMINACIÓN RESTOS:*
- Trituración de restos con tractor e rozadora de cadeas: 300 €/ha
 - Trituración de restos con tractor e rozadora de martelos: 900€/ha
 - Recollida manual e trituración de restos con tractor e rozadora de cadeas: 500 €/ha
 - Extracción de restos para o seu aproveitamento como biomasa o trituración: 500 €/ha.
- *INFRAESTRUTURAS DE DEFENSA CONTRA INCENDIOS*
- PUNTOS DE CAPTACIÓN DE AUGAS:*
- Construción de puntos de captación de auga para vehículos contra incendios. Esixe aprobación preceptiva do S.D.C.I.F.: ate o 100% do orzamento.
 - Depósito de auga (volume útil a partir de 60 m³): 8.100 €/unidade
 - Depósito de augas (volume útil a partir de 100 m³): 12.250 €/unidade.
 - Depósito de auga (volume útil a partir de 150 m³): 16.570 €/unidade.



— *REFORESTACIÓN*

- Reforestación mediante a plantación de especies arbóreas e arbustivas autóctonas (ao ser estas axudas unha medida con obxectivos ambientais e non produtivos, esta actuación non conducirá a un incremento significativo no valor ou na rendibilidade da explotación forestal): Neste caso poderá subvencionarse ata un máximo do 50% do importe da axuda concedida. Sempre que o proxecto se presentase por unha Mancomunidad de CMVMC ou de maneira conxunta mediante a agrupación de dúas ou máis CMVMC este límite do 50% calcularase en relación co montante total da axuda que lle corresponda nos termos da cláusula 1.4.2 parágrafo 3, para o suposto de proxectos presentados tanto de maneira conxunta como por mancomunidades. Excepcionalmente, en terreos de difícil implantación de especies autóctonas e cando se xustifique con informe técnico, poderase valorar a posibilidade de plantación doutras especies sempre que se cumpra a finalidade descrita na base 1.1.

— *PODAS*

- Poda baixa en masa de coníferas cunha altura mínima de 2 metros: 400 €/ha.
- Poda alta selectiva en masa de conífera cunha altura mínima de 4 metros, podándose polo menos 400 pés/ha homexeneamente distribuídas: 560 €/ha.
- Poda de formación en masas de frondosas: 400 €/ha.

— *PROXECTOS TÉCNICOS*

- Gastos derivados da redacción de proxectos técnicos de control arqueolóxico preceptivos para poder actuar en zonas con restos arqueolóxicos: ata 1.500 euros/proxecto.

1.4.2.- Os importes máximos das axudas serán os seguintes:

- Proxectos presentados por unha CMVMC individualmente, un máximo de 8.000 euros.
- Proxectos presentados de maneira conxunta mediante agrupación de dúas ou máis CMVMC, un máximo de 8.800 euros por cada CMVMC que forme parte do proxecto.
- Proxectos presentados por unha Mancomunidad de CMVMC, un máximo de 9.440 euros por cada CMVMC que forme parte do proxecto.

As devanditas limitación poderán excepcionarse unicamente no caso previsto no parágrafo 4º da presente base 1.4.2 relativo á existencia de excedente na partida orzamentaria.

No suposto de proxectos presentados de maneira conxunta así como no caso de proxectos presentados por mancomunidades, o límite máximo de axuda entenderase referido ao conxunto do proxecto. A tal efecto, atenderase, a efectos de cuantificación da axuda máxima a percibir, á suma das actuacións realizadas por cada unha das CMVMC que forman parte do proxecto, respectando sempre o límite de 8.800 €/9.440 €, por Comunidade integrante do mesmo, segundo o caso.



No caso de non esgotarse a partida orzamentaria de 84.999,99 euros establecido na disposición adicional 1ª destas bases reguladoras, o excedente acrecerá á Mancomunidade de CMVMC ata a contía máxima do proxecto presentado por esta.

Se completada a contía máxima do proxecto presentado pola Mancomunidade seguise existindo remanente na partida, dito remanente poderá distribuírse por partes iguais entre os restantes proxectos presentados, tendo en conta que ningunha CMVMC poderá recibir en concepto de axuda unha contía superior ao gasto efectivamente realizado.

1.5.—RÉXIME DE CONCESIÓN DAS AXUDAS

O procedemento de concesión destas axudas tramitarase en réxime de concorrència non competitiva de acordo co establecido na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu artigo 19.2º establece que as bases reguladoras das convocatorias de axudas poderán exceptuar do requisito de fixar unha orde de prelación entre as solicitudes presentadas que reúnan os requisitos establecidos cando, polo obxecto e finalidade da subvención, non sexa necesario realizar a comparación e prelación das solicitudes presentadas nun único procedemento ata o esgotamento do crédito orzamentario.

O conxunto de axudas desta convocatoria son compatibles con calquera outra concedida por empresas públicas ou privadas, estatais ou internacionais, sempre que o importe total das axudas percibidas polo mesmo concepto non supere o custo total dos gastos subvencionables polas presentes axudas. En tal caso, cando a actividade fose financiada con outros recursos deberá xustificarse o importe, procedencia e aplicación de tales fondos.

BASE 2ª.—COMPETENCIA E PROCEDEMENTO DE TRAMITACIÓN

2.1.—INSTRUCCIÓN E TRAMITACIÓN DAS AXUDAS

A Concellería de Medio Ambiente será a encargada da tramitación das solicitudes e emitirá unha proposta de concesión ou de denegación das axudas á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para conceder ou denegar as axudas e o seu acordo será notificado individualmente por vía telemática.

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou, de ser o caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal).

2.2.—TRAMITACIÓN E SEGUIMENTO

- De acordo co establecido no artigo 19.2 da Lei 9/2007 e no correlativo artigo 31.4, o órgano competente para a tramitación do procedemento comezará a instrución dos expedientes por orde de entrada na unidade tramitadora atendendo ao disposto no artigo 16 da Lei 39/2015 de procedemento administrativo común das administracións públicas, concedendo a subvención en actos sucesivos ata o esgotamento do crédito.



Martes, 20 de xullo de 2021

Núm. 137

O órgano xestor publicará no taboleiro e na páxina web do Concello de Vilagarcía o esgotamento da partida orzamentaria e non tramitará as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento do crédito.

- Cando non se dispoña de crédito suficiente para atender a última solicitude coa intensidade prevista no artigo 1.4 desta resolución, o crédito esgotarase nela coa porcentaxe de axuda que resulte.
- Os expedientes que non cumpran as esixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación, ou que non conteñan a documentación necesaria, quedarán a disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na que se indicarán as causas da mesma.
- Para as accións de control e seguimento, a Concellería de medio ambiente poderá requirirlle ás mancomunidades ou comunidades de monte en man común beneficiarias toda a documentación necesaria co fin de comprobar que se cumpren as condicións para as que se concedeu a subvención.

BASE 3ª.—SOLICITUDES E PRAZO DE PRESENTACIÓN

3.1.—SOLICITUDES

As solicitudes das axudas reguladas na presente convocatoria, presentadas segundo modelo de solicitude que estará dispoñibles para a súa cumprimentación e descarga no taboleiro de anuncios da Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía (sede.vilagarcia.gal), presentaranse por vía telemática en cumprimento do disposto no artigo 14.2 e 3 da lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Xunto co formulario de solicitude deberá anexarse a seguinte documentación:

- Memoria xustificativa do proxecto que se queira subvencionar.
- NIF da entidade.

Cando a solicitude non reúna os requisitos esixidos, ou falte algún documento que segundo a base 3ª resulte esixible, requirirase á/ás persoa/as interesada/as para que no prazo de dez días resolva/n a falla ou achegue/n os documentos preceptivos, con indicación de que, se así non se fixese, desistirse da súa solicitude, arquivándose a/s mesma/s, logo da resolución que deberá ser ditada nos termos previstos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Toda a documentación deberá presentarse por vía telemática. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten. Excepcionalmente, a Administración poderá requirir a exhibición do documento orixinal para o cotexo da copia electrónica presentada.

Se o/a interesado/a non presenta a totalidade da documentación, requirirase para que a emende a través da súa presentación electrónica. Para estes efectos, considerarase como data de presentación aquela en que foi realizada a emenda.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: DG6JEDSYGO3SNXAH



Sempre que se realice a presentación de documentos separadamente da solicitude, deberá indicar a referencia do expediente e departamento responsable do procedemento, o número de rexistro de entrada da solicitude e o número do expediente, se dispón del.

Toda a documentación deberá presentarse **TELEMÁTICAMENTE** debendo constar nos documentos que así o requiran, a sinatura dixital do interesado

A presentación da solicitude implica o coñecemento e aceptación das presentes bases reguladoras.

Todos os trámites administrativos que os/as interesados realicen durante a tramitación deste procedemento levaranse a cabo por vía telemática debendo acceder á carpeta de interesado/expediente dispoñible na sede electrónica do concello para comprobar o estado de tramitación do expediente cos documentos que o integran.

O concello de Vilagarcía de Arousa poderá requirir motivadamente consonte prevé o artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, calquera documentación aclaratoria necesaria en relación coas subvencións que se van outorgar, que considere conveniente.

3.2.—PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte á publicación no BOPPO de Pontevedra.

BASE 4ª.—TRAMITACIÓN E CONCESIÓN DAS AXUDAS

4.1.-

1. O servizo xestor (Concellería de Medio Ambiente) que tramita a concesión, levará a cabo a comprobación da subvención, sen prexuízo da fiscalización que corresponda ao Departamento de intervención.

O Concelleiro/a de Medio Ambiente elevará as correspondentes proposta á Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local será o órgano competente para decidir sobre a concesión ou denegación das axudas, logo do informe da Concellería de Medio Ambiente.

2. O prazo para resolver será, como máximo, de dous meses dende a presentación das solicitudes no Rexistro Xeral do Concello. As solicitudes irán resolvéndose a medida que se vaian presentando.

3. Transcorrido o devandito prazo de dous meses sen que a Xunta de Goberno Local dite resolución expresa, entenderase que é desestimada a petición da axuda. Esta desestimación presunta poderá ser recorrida en reposición nos termos e prazo do artigo 124 da Lei 39/2015



de 1 de outubro, en calquera momento a partir do día seguinte ao vencemento dos dous meses sen que se dite resolución expresa.

4. O acordo da Xunta de Goberno Local, será notificado por vía telemática a través da Sede Electrónica do Concello, debendo a tal efecto o interesado designar unha dirección de correo electrónico para recibir os avisos de posta a disposición de calquera notificación que se dite dentro do seu expediente.

5. Contra dita resolución cabe interpoñer recurso perante a xurisdición contenciosa, no prazo de dous meses, ante o órgano competente da xurisdición contencioso- administrativa, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa.

Asemade, poderá formularse, de forma potestativa, recurso de reposición, no prazo de un mes, ante o mesmo órgano que ditou a resolución impugnada, de acordo coa Lei 39/2015 de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

4.2.- ACEPTACIÓN

De renunciar á subvención concedida, a persoa ou entidade beneficiaria, no prazo de dez días hábiles contado dende o seguinte ao de notificación da resolución de concesión da axuda, deberá notificalo telematicamente ao Concello de Vilagarcía. Se así non o fixer no prazo indicado, entenderase que acepta a axuda.

4.3.—OBRIGAS

De acordo co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, serán obrigas da comunidade beneficiaria:

- Cumprir o obxectivo, executar o proxecto, realizar a actividade ou adoptar o comportamento que fundamenta a concesión das subvencións.
- Acreditar, no momento da solicitude da axuda, que está ao corrente das súas obrigas fiscais coa Consellaría de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, coa Axencia Estatal de Administración Tributaria (AEAT) e coa Seguridade Social.
- Estar ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias co Concello Vilagarcía.
- Non procederá o pagamento da subvención en tanto a entidade beneficiaria non acredite estar ao corrente no pagamento das súas obrigas fiscais e para coa Seguridade Social ou sexa debedora por resolución de procedencia de reintegro.
- Declarar as subvencións e axudas concedidas ou solicitadas polo mesmo concepto procedentes de calquera outra Administración, debendo ser claramente separadas as actuacións subvencionadas polo Concello das actuacións subvencionadas por outros organismo públicos.
- O/A beneficiario/a deberá someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección que se leven a cabo polo Concello, a quen corresponderá a comprobación destas subvencións, e facilitará a este e á Intervención Municipal, toda a información



que reclamen no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións, para o cal deberá conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos percibidos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de comprobación e control.

BASE 5ª.—PRAZO DE EXECUCIÓN E XUSTIFICACIÓN

5.1.- PRAZO DE EXECUCIÓN

Fíxase como data máxima para a execución das accións para xustificar e para a presentación da documentación xustificativa e finalización do período de xustificación o 20 de outubro de 2020.

5.2.- XUSTIFICACIÓN

Para a xustificación final da subvención, as entidades beneficiarias deberán presentar no prazo establecido na base 5.1 a seguinte documentación:

1. Anexo I- Balance de ingresos e gastos previstos da actividade.
2. Memoria técnica da actuación subvencionada da entidade a data da presentación da xustificación, asinada polo representante legal da entidade, cos seguintes puntos básicos:
 - Introducción/ Xustificación
 - Obxectivos
 - Persoas destinatarias/beneficiarias
 - Avaliación e conclusións
3. Anexo II- Conta Xustificativa (ou tamén chamada memoria económica xustificativa) do custo, asinada polo representante legal da entidade, que conterá:
 - Importe dos gastos realizados e recollidos no Anexo III que deberá ser suficiente para xustificar a subvención nominativa do Concello.
 - Relación detalladas dos ingresos con que se financiou a actividade (incluíndo todas as subvencións públicas concedidas) con indicación do seu importe e procedencia.
 - Declaracións segundo os puntos b) ata f) da conta xustificativa.
4. Anexo III- relación de facturas/gastos para xustificar a subvención concedida polo Concello (deberase cubrir todas as columnas do anexo).
5. Facturas orixinais cos requisitos establecidos no R.D. 1619/2012, xustificativas do gasto subvencionado dende o 16 de outubro de 2019 ata o 15 de outubro de 2020 (ou segundo o período de devengo establecido).
 - a) Como mínimo conterán:
 - nº de factura e indicación expresa de que se trata dunha factura, lugar e data de emisión.
 - Denominación social, nif e domicilio de quen expide a factura e do destinatario



Martes, 20 de xullo de 2021

Núm. 137

- Descrición detalla (concepto, servizo..) e data de realización da operación.
- Importe, desglose do IVE con indicación do tipo aplicable e total. Este desglose recollerase nos anexos III e IV.
- Recargos, descontos e retencións aplicables.

b) Ademais nas facturas, deberá acreditarse o seu pagamento da seguinte forma:

— Deberase utilizar con carácter xeral e preferentemente os medios de pago electrónicos (transferencia bancaria, tarxetas, talóns nominativos...etc)

— Cando a factura teña sido pagada mediante transferencia bancaria ou talón deberá achegarse extracto bancario coa dilixencia da entidade bancaria que xustifique a transferencia ou ingreso na conta do beneficiario.

— As operacións cun importe superior aos 2.500 € non poderán ser pagadas en efectivo, de acordo co previsto no artigo 7 da Lei 7/2012 de 29 de outubro, polo que deberá acreditarse o seu pago mediante o cargo na conta bancaria correspondente. Esta previsto a modificación deste límite, pasando de 2.500 € a 1.000 €, polo que a Entidade deberá ter presente esta modificación aos efectos do cumprimento da lexislación vixente en materia de pagos en efectivo.

— No caso do que o pago non poida facerse por medios electrónicos, deberá aparecer conxuntamente as seguintes indicacións:

1. “pagado” ou “recibín”,
2. data do pago
3. firma e identificación da mesma (dni ou nome completo de que asina)
4. Selo da empresa.

6. No caso de gastos imputables á actividade, como porcentaxes de facturas, deberán acompañarse estas de informe onde se certifique e se explique a porcentaxe aplicable á actividade.

7. Anexo IV- Relación de facturas/gastos para xustificar subvencións doutras Administracións Públicas, seguindo as seguintes instrucións:

- A xustificación doutras subvencións públicas realizarase a través da presentación do Anexo IV, presentando un anexo por cada organismo público do que se teña concedida axuda/subvención.
- De non ter presentada a documentación xustificativa noutros organismos públicos, aportarase igualmente o citado Anexo IV coa relación de facturas afectadas ás citadas subvencións (cumprindo o establecidos nos puntos 4, 5 e 6) ou indicación de que a actividade non está realizada.

8. Anexo V- Balance de ingresos e gastos reais ou realizados. No caso de poderse presentar o balance antes da conclusión da actividade deberá presentarse Avance do Balance de ingresos e gastos realizados ata o momento de presentación da xustificación.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: DG6JEDSYGO3SNXAH



9. Anexo VI- Declaración responsable ou certificados de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social. (Certificados da AEAT, Consellería de Facenda e Seguridade Social). Os certificados deberán ter unha validez suficiente para a tramitación do expediente.

Segundo o artigo 11. h) e i) do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro (Regulamento da Lei de subvencións de Galicia), unha Declaración Responsable do cumprimento das obrigas tributarias e coa seguridade social substituirá aos certificados sinalados anteriormente nas subvencións para gastos correntes (capítulo IV) e naquelas subvencións para gastos de capital (capítulo VII) nas que a cantidade a outorgar a cada beneficiario non supera os 3.000 €, sempre que os destinatarios das subvencións sexan familias ou institucións sen fins de lucro. Neste caso presentárase o anexo V.

10. Certificación bancaria do número de conta.

11. Fotocopia DNI do/da representante da entidade.

12. Fotocopia do NIF da entidade.

13. Certificación expedida polo secretario/a da entidade solicitante, de que a persoa que asina a solicitude é a representante legal da entidade ou documento de nomeamento da mesma.

14. Fotografía acreditativa do cumprimento dos requisitos en materia de publicidade (Base 6.3)

15. Unha vez finalizado o exercicio 2021, a documentación económica correspondente á totalidade da actividade deberá estar a disposición dos órganos do Concello que precisen realizar labores de comprobación e/ou fiscalización.

5.3.- FORMA DE PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN NO REXISTRO ELECTRÓNICO DO CONCELLO

Tendo en conta que o rexistro electrónico do Concello non admite arquivos que superen na súa totalidade os 10 Mb ou non admite determinados formatos, deberase cumprir as seguintes normas de presentación:

- Un pdf por cada anexo.
- Un pdf cos certificados de estar ao corrente coas distintas administracións públicas, no caso que corresponda.
- Un pdf coa documentación que se esixe nos puntos 10 a 14 da cláusula 5.2 do presente convenio e no mesmo orden en que piden.
- Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo III) acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación...etc.).
- Un pdf coa listaxe de facturas (Anexo IV) e nos casos que proceda deberá vir acompañado coas correspondentes facturas e os seus xustificantes de pago



ordenados do mesmo xeito que aparecen no anexo e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago. (exemplo: factura 1 da relación, xustificante da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante da factura 2 da relación... etc.).

— Calquera outro documento que se queira agregar deberá vir de xeito independente.

Toda a documentación deberá vir asinada electronicamente polo representante legal da entidade.

Os distintos arquivos deberan ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

No caso de que a documentación presentada supere os 10 Mb deberá realizar tantos rexistros electrónicos como sexan necesarios para presentar a documentación, indicando nos sucesivos rexistros o número do primeiro rexistro e numerando en función do número de rexistros do seguinte xeito: Por exemplo no caso de que sexan necesarios 4 rexistros: 1/4, 2/4, 3/4 e 4/4.

BASE 6ª. PUBLICIDADE

6.1.—PUBLICIDADE DA CONVOCATORIA E DAS BASES REGULADORAS DA CONCESIÓN DAS AXUDAS.

A presente convocatoria, as bases reguladoras e modelos normalizados de solicitude das axudas para o ano 2021 do Programa de axudas municipais a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes no ámbito do Concello de Vilagarcía de Arousa, publicarase e estará a disposición dos interesados, no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra e no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal (sede.vilagarcia.gal), unha vez aprobada pola Xunta de Goberno Local.

6.2.—PUBLICIDADE DAS SUBVENCÍONS CONCEDIDAS.

Á finalización do prazo de presentación de solicitudes ou de ser o caso, ao esgotamento do orzamento, darase publicidade á relación de axudas concedidas no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica municipal do Concello de Vilagarcía de Arousa (sede.vilagarcia.gal).

6.3.—PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PÚBLICO.

Os/as beneficiarios/as das subvencións obxecto desta convocatoria, deberán poñer no lugar de execución do proxecto subvencionado un cartel de forma visible no que se indique que a actividade está financiada polo Concello de Vilagarcía de Arousa. O modelo normalizado do cartel será subministrado pola Área de Comunicación.



BASE 7ª.—TRATAMENTO DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

Os datos persoais que deban facilitar os/as solicitantes das axudas só serán aos efectos de comprobar a concorrencia dos requisitos necesarios para obter estas axudas e serán tratados aos exclusivos efectos da concesión das mesmas, sendo responsable do tratamento dos datos o Concello de Vilagarcía.

BASE 8ª. TRANSPARENCIA E BO GOBERNO.

De conformidade co artigo 17 da lei 1/2016 de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno co artigo 15 da lei 9/2007 de 13 de xuño de subvencións de Galicia, a Concellería de Medio Ambiente publicará na Sede electrónica sede.vilagarcia.gal a relación das persoas e/ou entidades beneficiarias das axudas concedidas. Incluirá igualmente a contía das axudas e as sancións que, de ser o caso e como consecuencia delas, puideren impoñerse nos correspondentes rexistros públicos, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos das persoas beneficiarias e a referida publicidade.

BASE 8ª.—PERDA DO DEREITO AO COBRO, RENUNCIA, NULIDADE E REINTEGRO. RÉXIME DE INFRACCIÓNS E SANCIÓNS.

O incumprimento por parte do/a beneficiario/a da subvención de calquera das obrigas, requisitos, condicións e demais circunstancias que produciron o seu outorgamento, dará lugar, en cada caso, á perda do dereito ao cobro da subvención, á redución da contía da mesma ou ao reintegro total ou parcial das cantidades percibidas máis os correspondentes xuros de demora dende o momento do seu pagamento, sen menoscabo das sancións que, de ser o caso, resulten esixibles.

O/a beneficiario/a poderá renunciar voluntariamente á subvención nas condicións que establece a normativa legal de aplicación.

En canto ás causas de nulidade e anulabilidade do acordo de concesión das axudas e de reintegro das mesmas, estarase ao disposto no artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

En relación ás infraccións e sancións en que poidan incorrer os/as beneficiarios/as destas axudas e procedemento para a súa imposición estarase ao disposto no Título IV da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e normativa que a desenvolve.

BASE 9ª.—SEGUIMIENTO DAS AXUDAS.

A Concellería de Medio Ambiente, realizará o seguimento das actividades obxecto de subvención.



CAUSAS DE REINTEGRO.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e exixencia do interese de demora correspondente dende o momento do abono da subvención ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, nos seguintes casos:

a) Obtención da subvención falseando as condicións requiridas para a súa obtención e/ou ocultando aquelas que impedisén a súa obtención.

b) Incumprimento total ou parcial do obxectivo e/ou non realización da actividade obxecto de subvención.

c) Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación cando dela se derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o cumprimento do obxectivo, a realidade da realización da actividade subvencionada ou a concorrencia de subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera outra administración ou ente públicos.

PERDA DO DEREITO AO COBRAMENTO DA AXUDA E REINTEGRO

O procedemento de reintegro de subvencións rexeráse polas disposicións xerais sobre procedementos administrativos previstos na Lei 39/2015 de 1 de outubro de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Procederá a perda do dereito ao cobramento das axudas, así como o reintegro total ou parcial das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da subvención ata a data en que se acorde a procedencia do reintegro, nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia.

Procederá a perda do dereito ao cobramento da subvención concedidas, no suposto de non estar ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social, así como de ter pendente de pagamento algunha outra débeda coa Administración Pública da CCAA, con anterioridade a ditarse a proposta de pagamento da subvención.

Procederá o reintegro parcial do 5% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de cumprir coas medidas de publicidade da cofinanciamento polo Concello de Vilagarcía, establecida na BASE 6ª punto 6.3.

Procederá o reintegro parcial polo exceso de financiamento, segundo o artigo 23 do Decreto 11/2009 de 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño de subvencións de Galicia, no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a obtención de outras axudas no caso de que estas sexan compatibles.

Procederá o reintegro do 5% da axuda concedida no caso de incumprimento da obriga de comunicar ao órgano concedente a solicitude doutras axudas, no caso de que estas sexan compatibles.



A obriga de reintegro establecida nos parágrafos anteriores enténdese sen prexuízo do establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2000 do 4 de agosto, polo que se aproba o texto refundido da Lei sobre infraccións e sancións da orde social, e da Lei 9/2007, do 13 xuño.

BASE 10ª.—FORMA DE PAGO

O pagamento da axuda concedida farase efectivo nun pago único logo da xustificación correspondente da realización do proxecto aprobado, podendo ser:

— Directa: a favor do solicitante da axuda. No caso de axudas presentadas por Mancomunidades de CMVMC poderá facerse o pagamento directamente a cada unha das CMVMC que formen parte da Mancomunidad.

— Endosado: a favor da empresa ou entidade contratada pola CMVMC ou Mancomunidad que realice os traballos obxecto de axuda. Neste caso, o solicitante da axuda deberá asinar a declaración responsable da cesión do pagamento, que deberá engadir a aceptación do endosatario.

BASE 11ª.—NORMATIVA DE APLICACIÓN

A concesión destas axudas rexeráse pola Lei 38/2003 do 17 de novembro, xeral de subvencións e o RD 887/2006, de 21 de xuño, que aprobou o seu regulamento, a lexislación básica do estado en materia de Réxime Local, a Lei 9/2007, de 13 de xuño de subvencións de Galicia; os preceptos non básicos da Lei 38/2003 e do RD 887/2006; polas presentes Bases Reguladoras, polas Bases de Execución dos vixentes orzamentos municipais, as restantes normas de dereito administrativo e, no seu defecto, as normas de dereito privado.

BASE 12ª.—DISPOSICIÓN ADICIONAIS*DISPOSICIÓN ADICIONAL 1ª*

As accións incluídas nesta convocatoria financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 170-489 do estado de gastos do orzamento municipal para o ano 2021, cun importe total de 84.999,99 €.

Poderase ampliar o crédito e modificar a partida orzamentaria, logo de declaración de dispoñibilidade do crédito nos termos referidos no artigo 30.2 do Decreto 11/2009, mediante resolución publicada para o efecto.

DISPOSICIÓN FINAL

Estas bases entrarán en vigor ao día seguinte da súa publicación no B.O.P.



Martes, 20 de xullo de 2021

Núm. 137

O Concello de Vilagarcía de Arousa quedará exento de calquera responsabilidade civil, mercantil, laboral ou calquera outra derivada das actuacións á que estean obrigadas as persoas ou entidades destinatarias das subvencións outorgadas.

Vilagarcía de Arousa, na data da sinatura dixitalizada

Alcalde-Presidente

Alberto Varela Paz

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: DG6JEDSYGO3SNXAH

